

Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**PORRIÑO, O**

**Persoal, oposicións**

*CONVOCATORIA BOLSA EMPREGO ENXEÑEIRO TÉCNICO*

*ANUNCIO da convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Emprego para prestar servizos como ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL do concello de O Porriño.*

Mediante decreto da Alcaldía, número 2023-2610 de data 06/09/2023, aprobáronse as bases da selección de persoas, polo sistema de concurso, para a constitución dunha Bolsa de Emprego para prestar servizos de enxeñeiro técnico industrial no concello de O Porriño, ben por circunstancias de produción, ben por substitución de persoa traballadora ou ben por calquera outra causa prevista na lexislación vixente e segundo a causa habilitante que se produza en cada momento, de conformidade co establecido nas Bases que rexen a selección e no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, celebrándose contrato de duración determinada ata que finalice a causa que deu lugar a súa contratación.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do concello de O Porriño, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres (Praza da Antonio Palacios nº 1, 36400 O Porriño), ou de xeito telemático na Sede Electrónica <https://oporrino.sedelectronica.gal> ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO.

As Bases do proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org). Documento asinado dixitalmente á marxe.

O Porriño, o Alcalde Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: MB8QLLR7MB3N0LVN

